MARÍA AMPARO CRISTINA TABOADA GIL
Data e hora: 11/10/2023 09:39
Secretaria General NÚMERO: 2023 / 38175

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data e hora: 11/10/2023 09:30
Presidente de la Diputación de A Coruña

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO
SECCIÓN DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO

# RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDO A CONCELLOS PARA REALIZAR EVENTOS DE ARTE PÚBLICA URBANA NA MODALIDADE DE PINTURA MURAL DURANTE O ANO 2024

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Aprobadas as bases da “Convocatoria do programa de subvencións dirixida a concellos para realizar eventos de arte pública urbana na modalidade de pintura mural durante o ano 2024” mediante acordo número 16 da Xunta de Goberno do 6 de outubro de 2023.

Visto tamén que as citadas bases foron publicadas no BOP número 194, de 10 de outubro de 2023;

**RESOLVO:**

1º. Aprobar a convocatoria do “Programa de subvencións dirixido a concellos para realizar eventos de arte pública urbana na modalidade de pintura mural durante o ano 2024”, cuxas bases foron aprobadas mediante acordo número 16 da Xunta de Goberno do 6 de outubro de 2023.

2º. O programa rexerase polas bases publicadas no BOP número 23 de 2 de febreiro de 2023 dispoñibles en “https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2023/10/10/2023_0000008031.pdf”.

3º. O prazo de solicitude iniciarase o 20 de outubro as 8:00 horas, e finalizará ás 14:00 horas do día 21 novembro de 2023, tendo en conta que tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible desde a sede electrónica da Deputación da Coruña: https://sede.dacoruna.gal/

4º. Notificar esta resolución, así como o extracto da convocatoria que se une como anexo, á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvenciones (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b y 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu enderezo o recorrente, a súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza desestimación por silencio.

Todo isto sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se considere pertinente.

ANEXO

CASTELLANO

**Primero. Beneficiarios**

Ayuntamientos de la provincia de A Coruña que desarrollen programas o eventos de arte urbana en su modalidad de pintura mural, con un mínimo de dos ediciones de antigüedad y que la última, previa al objeto de la presente convocatoria, se celebrará con posterioridad al año 2020.

**Segundo. Objeto**

El objeto de la convocatoria es la financiación de las actividades para el desarrollo de programas o festivales de arte urbano en su modalidad de pintura mural que se desarrollen en cualquiera de los ayuntamientos de la provincia de A Coruña durante el año 2024 y que tengan un mínimo de 3 obras exteriores originales en gran formato (mínimo 16 metros cuadrados) de distintos artistas o colectivos de artistas en la edición del presente año.

**Tercero. Bases reguladoras**

Ordenanza general de subvenciones y transferencias de la Diputación Provincial de A Coruña

**Cuarto. Cuantía**

El importe de la consignación asciende a un total de 150.000,00 €, con cargo a las partidas:

0510/4321/46201------------------ -- 150.000 €

del presupuesto ordinario para 2024. El importe máximo de las subvenciones que se concedan será de 35.000 €, y el porcentaje máximo subvencionable del presupuesto de gastos será del 80%.

**Quinto. Plazo de presentación de solicitudes**

El plazo de solicitud se iniciará el 20 de octubre a las 8:00 horas y finalizará a las 14:00 horas del día 21 de noviembre de 2023.

**Sexto. Otros datos**

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación Provincial de A Coruña https://sede.dacoruna.gal/.

GALEGO

**Primeiro. Beneficiarios**

Concellos da provincia da Coruña que desenvolvan programas ou eventos de arte urbana na súa modalidade de pintura mural, cun mínimo de dúas edicións de antigüidade e que a última, previa ao obxecto da presente convocatoria, se celebrara con posterioridade ao ano 2020.

**Segundo. Obxecto**

O obxecto da convocatoria é o financiamento das actividades para o desenvolvemento de programas ou festivais de arte urbano na súa modalidade de pintura mural que se desenvolvan

en calquera dos concellos da provincia da Coruña durante o ano 2024 e que teñan un mínimo de 3 obras exteriores orixinais en gran formato (mínimo 16 metros cadrados) de distintos artistas ou colectivos de artistas na edición do presente año.

**Terceiro. Bases reguladoras**

Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña

**Cuarto. Contía**

O importe da consignación ascende a un total de 150.000,00 €, con cargo ás partidas

0510/4321/46201------------------ -- 150.000 €

do orzamento ordinario para 2024. O importe máximo das subvencións que se concedan será de 35.000 €, e a porcentaxe máxima subvencionable do orzamento de gastos será do 80%.

**Quinto. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de solicitude iniciarase o 20 de outubro as 8:00 horas e rematará ás 14:00 horas do día 21 de novembro de 2023.

**Sexto. Outros datos**

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña https://sede.dacoruna.gal/